

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

A NOSA POLÍTICA DE PRIVACIDADE DUNHA OLLADA

1. **QUEN SOMOS?** Somos **BERSHKA BSK ESPAÑA, S.A.** e tratamos os teus datos persoais como *Responsables do tratamento*. Isto quere dicir que nos facemos cargo de como usar e protexer os teus datos. [Ver máis.](#)
2. **PARA QUE USAMOS OS TEUS DATOS?** Usaremos os teus datos (obtidos en liña ou persoalmente), entre outras finalidades, para **xestionar o teu rexistro** como usuario, **xestionar a compra** de produtos ou servizos, **atender as túas consultas** así como para, en caso de que o desexes, enviarche as nosas **comunicacións personalizadas**. [Ver máis.](#)
3. **POR QUE OS USAMOS?** Estamos lexitimados para tratar os teu datos por diferentes motivos. O principal, é que necesitamos tratalos para **executar o contrato** que aceptas con nós ao rexistrarte e ao facer unha compra ou gozar dalgún dos nosos servizos ou funcionalidades, aínda que hai outras razóns que nos lexitiman para iso, como o interese en atender as túas consultas ou o **consentimento** que nos prestas para enviarche as nosas newsletter, entre outras. [Ver máis.](#)
4. **CON QUEN COMPARTIMOS OS TEUS DATOS?** Compartiremos os teus datos con prestadores de servizos que nos axudan ou dan soporte, ben sexan empresas do propio Grupo Inditex ou colaboradores externos cos que cheguemos a un acordo, e xa estean localizados dentro ou fóra da Unión Europea. [Ver máis.](#)
5. **OS TEUS DEREITOS.** Tes dereito a acceder, rectificar o suprimir os teus datos persoais. Nalgúns casos, tamén tes outros dereitos, por exemplo, a opoñerte a que usemos os teus datos ou a portalos, como che explicamos polo miúdo máis abaixo. [Ver máis.](#)

Convidámoste a ler a nosa **Política de Privacidade** completa a continuación para entender con detalle o uso que faremos dos teus datos persoais e os dereitos dos que dispós en relación con estes.

ANTES DE COMEZAR...

- Nesta **Política de Privacidade** atoparás **toda a información relevante** que se aplica ao **uso** que facemos dos datos persoais dos nosos clientes e usuarios, con independencia da canle ou medio (**en liña ou en persoa**) de **Bershka en España** que utilices para relacionarte con nós.
- **Somos transparentes** sobre o que facemos cos teus datos persoais, para que entendas as implicacións dos usos que levamos a cabo ou os dereitos dos que dispós en relación cos teus datos:
 - Poñemos á túa disposición de forma **permanente toda a información** nesta Política de Privacidade que podes consultar cando o estimes oportuno e ademais,
 - tamén irás encontrando **información** acerca de cada tratamento dos teus datos persoais **conforme vaías interactuando con nós**.
- Algúns nomes que usaremos nesta Política de Privacidade:
 - Cando falamos da nosa **Plataforma**, referirémonos en xeral a calquera das canles ou medios dixitais ou en persoa que utilizases para interactuar con nós, os principais son:
 - A nosa **Web**, www.bershka.com
 - A nosa **App de Bershka**, é dicir, tanto a aplicación móbil que teñas instalada no teu dispositivo móbil como as que poidamos utilizar nas nosas tendas.
 - En persoa, nalgunha das nosas **Tendas Físicas de Bershka en España**.

1. QUEN É O RESPONSABLE DO TRATAMENTO DOS TEUS DATOS?

Os responsables do tratamento dos teus datos somos:

- **BERSHKA BSK ESPAÑA, S.A.**, sociedade que actualmente opera en España a venda de produtos da marca BERSHKA (en diante, "BERSHKA ESPAÑA"):
 - Enderezo postal: Avda. de la Diputación, Edificio Inditex, 15143, Arteixo (A Coruña), España.
 - Correo electrónico da Delegada de Protección de Datos: dataprotection@bershka.com

Noutras palabras, BERSHKA ESPAÑA somos **Responsables** do tratamento. Isto quere dicir que regulamos e nos facemos cargo de tratar e protexer os teus datos persoais.

2. CON QUE FINALIDADE TRATAMOS OS TEUS DATOS PERSOAIS?

Dependendo dos produtos, servizos ou funcionalidades dos que queiras gozar en cada momento necesitaremos tratar uns datos ou outros, que en xeral serán, segundo o caso, os seguintes:

- os teus **datos identificadores** (por exemplo, o teu nome, apelido, idioma e país desde o que interactúas con nós, datos de contacto, etc);
- información **económica e transaccional** (por exemplo, os teus datos de pago ou de tarxeta, información acerca das túas compras, pedidos, devolucións, etc.);

- datos de **conexión, xeolocalización e navegación** (en caso de que interactúes con nós desde o móbil, por exemplo);
- información **comercial** (por exemplo, se estás subscrito á nosa newsletter),
- datos sobre os teus **gustos e preferencias**.

Lembra que, cando che pidamos que cubras os teus datos persoais para darche acceso a algunha funcionalidade ou servizo da Plataforma, marcaremos algúns campos como *obrigatorios*, posto que son datos que necesitamos para poder prestarche o servizo ou darche acceso á funcionalidade en cuestión. Por favor, ten en conta que se decides non facilitarnos eses datos, é posible que no poidas completar o teu rexistro como usuario ou que non poidas gozar deses servizos ou funcionalidades.

Dependendo de como interactúes coa nosa Plataforma, trataremos os teus datos persoais para as seguintes finalidades:

FINALIDADE	+ info
<p>1. Para xestionar o teu rexistro como usuario da Plataforma</p>	<p>En caso de que decidas rexistrarte como usuario na nosa Plataforma, necesitamos tratar os teus datos para identificarte como usuario da mesma e darche acceso ás súas diferentes funcionalidades, produtos e servizos que están á túa disposición como usuario rexistrado. Podes cancelar a túa conta de usuario rexistrado contactando con nós a través de Atención ao Cliente.</p> <p>Tes a posibilidade de utilizar o acceso ou inicio de sesión a través dunha rede social ou doutro colaborador que habilite este servizo (login social) cando estea dispoñible na nosa pantalla de inicio de sesión, ben para vincular o inicio de sesión á túa conta ou rexistrando unha nova. Nese caso, as túas credenciais de inicio de sesión, así como o teu nome e email/número de teléfono (pode que necesites autorizalo), importaranse dende a túa conta da rede social ou do colaborador. Ao usar esta opción de inicio de sesión, estes terceiros poderán enviarnos certa información adicional do teu perfil público, como, por exemplo, o teu nome, sexo, idade aproximada ou a fotografía de perfil, de acordo cos termos de uso da rede social/colaborador, que che recomendamos que leas con detemento. Agás que nos deas a túa autorización, non conservaremos estes datos adicionais. Así mesmo, a utilización desta funcionalidade pode implicar que lle facilites determinada información sobre a túa actividade á rede social ou ao colaborador. En todo caso, recomendámosche revisar a configuración da túa privacidade e as políticas de privacidade do colaborador ou rede social para coñecer como tratan os teus datos estes terceiros.</p>
<p>2. Para o desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou de servizos que contratases con nós na Plataforma</p>	<p>Esta finalidade inclúe o tratamento dos teus datos para, principalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Contactar contigo en relación con actualizacións ou comunicacións informativas relacionadas coas funcionalidades, produtos ou servizos contratados, incluíndo

o envío de **enquisas de calidade** sobre os produtos ou servizos prestados.

- **Xestionar o pago** dos produtos que compres, independentemente do medio de pago empregado. Por exemplo:
 - se ao comprar algún dos nosos produtos a través da Web ou a App, elixes activar a funcionalidade de **gardar os teus datos de tarxeta** para futuras compras, necesitamos tratar os datos indicados para a activación e desenvolvemento da devandita funcionalidade. O consentimento para a activación desta funcionalidade permite que aparezan os teus datos de pago autocompletados en compras posteriores para que non teñas que volver introducilos en cada novo proceso, e entenderanse válidos e vixentes para compras posteriores. Poderás modificar ou eliminar as túas tarxetas en calquera momento a través do apartado correspondente á información de pago, ben da túa conta de usuario rexistrada na Web, ben da funcionalidade Wallet da App de BERSHKA.
 - Se utilizas a funcionalidade Wallet da App para pagar as túas compras presenciais, necesitamos tratar os teus datos para a activación da mesma, de maneira que poidas iniciar os teus pagos nas compras que realices nas tendas físicas de BERSHKA en España (en diante “as Tendas Físicas”) e habilitadas para o efecto.
- Activar os mecanismos necesarios con obxecto de **previr potenciais fraudes contra ti e contra Nós** durante o proceso de compra. Se consideramos que a operación pode ser fraudulenta, este tratamento pode ter como consecuencia o bloqueo da transacción.
- Xestionar posibles **devolucións** unha vez que realizases unha compra e xestionar **solicitudes de información sobre a dispoñibilidade de pezas de roupa, reservas de produtos a través da Plataforma**, segundo as devanditas opcións se atopen dispoñibles en cada momento.
- Con fins de facturación e para poñer á túa disposición os recibos e facturas das compras que realizases na Plataforma.
- Garantirche o uso **doutras funcionalidades ou servizos dispoñibles**, como a compra, xestión e uso da **Tarxeta Regalo ou do Ticket Regalo**, así como para facilitarche o acceso e uso do **Wifi** que poñemos a disposición dos nosos clientes en Tenda Física.
- Se es usuario da App InWallet do Grupo Inditex (“ InWallet”) e solicitaches vincular a conta que tes nesta Plataforma á túa conta de InWallet, autorizáanos para que facilitemos a información relacionada cos teus pedidos e devolucións de compras en liña. A información que recompila a App InWallet está suxeita ás súas

	<p>propias condicións e políticas, polo que che recomendamos que revises as mesmas.</p>
<p>3. Para atender as solicitudes ou peticións que realices a través das canles de Atención ao Cliente</p>	<p>Só tratamos os datos persoais que sexan estritamente necesarios para xestionar ou resolver a túa solicitude ou petición.</p>
<p>4. Para fins de marketing</p>	<p>Esta finalidade inclúe o tratamento dos teus datos para, principalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Na medida en que te subscribas á nosa Newsletter, trataremos os teus datos persoais para xestionar a túa subscrición, incluíndo o envío de información personalizada acerca dos nosos produtos ou servizos a través de diversos medios (como o correo electrónico ou SMS). Así mesmo, poderemos facerche chegar esta información a través de notificacións <i>push</i> no caso de que as teñas activadas no teu dispositivo móbil. ▪ Por tanto, ten en conta que este tratamento de datos leva a análise do teu perfil de usuario ou cliente para determinar cales son as túas preferencias e por tanto cales poden ser os produtos e servizos que máis encaixan co teu estilo á hora de enviarche información. Por exemplo, baseándonos no teu historial de compra e navegación (é dicir, en función das pezas sobre as que fixeses click), faremosche suxestións acerca de produtos que cremos que che poden interesar e, se es usuario rexistrado, facilitaremosche a funcionalidade de "recuperación de carriño". ▪ Lembra que te podes dar de baixa da Newsletter en calquera momento e sen custo ningún a través da sección de "Newsletter" da Plataforma, ademais de a través das indicacións que che facilitamos en cada comunicación. Se non desexas recibir notificacións <i>push</i>, poderás desactivar esta opción no teu dispositivo móbil. ▪ Levar a cabo accións de promoción (por exemplo, para o desenvolvemento de concursos ou o envío da túa lista de artigos gardados ao correo electrónico que nos indiques). Ao participar nalgunha acción promocional, autorizáanos a que tratemos os datos que nos facilites en función de cada acción promocional e poidamos comunicala a través de diversos medios como redes sociais ou na propia Plataforma. En cada acción promocional na que participes terás dispoñibles as bases legais onde che facilitaremos información máis detallada sobre o tratamento dos teus datos. ▪ Difundir na Plataforma ou a través das nosas canles nas redes sociais fotografías ou imaxes que compartises de forma pública, sempre que nos deas o teu consentimento para iso.
<p>5. Análise de usabilidade e de calidade para a mellora dos nosos servizos</p>	<p>Se accedes á nosa Plataforma, informámoste de que trataremos os teus datos de navegación para fins analíticos e estatísticos, é dicir, para</p>

	<p>entender a forma na que os usuarios interactúan coa nosa Plataforma e así ser capaces de introducir melloras na mesma.</p> <p>Así mesmo, en ocasións realizamos accións e enquisas de calidade destinadas a coñecer o grao de satisfacción dos nosos clientes e usuarios e detectar aquelas áreas nas que podemos mellorar.</p>
--	---

3. CAL É A LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO DOS TEUS DATOS?

A base legal que nos permite tratar os teus datos persoais tamén depende da finalidade para a que os tratemos, segundo o explicado na seguinte táboa:

Finalidade	Lexitimación
<p>1. Xestionar o teu rexistro como usuario da Plataforma</p>	<p>O tratamento dos teus datos é necesario para a execución dos termos que regulan o uso da Plataforma. Noutras palabras, para que poidas rexistrarte como usuario na Plataforma, necesitamos tratar os teus datos persoais, xa que pola contra non poderíamos xestionar o teu rexistro.</p> <p>En caso de que elixas utilizar o acceso ou inicio de sesión a través dunha rede social, o motivo polo que estamos lexitimados para tratar os teus datos é o consentimento que prestas no momento de autorizar a cesión dos teus datos desde a rede social.</p>
<p>2. Desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou de servizos</p>	<p>O tratamento dos teus datos é necesario para a execución do contrato de compravenda ou de prestación de servizos que nos vincule contigo.</p> <p>É posible que algúns tratamentos de datos asociados ao proceso de compra se activen unicamente porque ti o solicites ou nos autorices, como é o caso do almacenamento dos datos de pago (tarxeta) para futuras compras ou do tratamento de datos necesario para escanear os tickets de compra a través da sección Wallet da App ou para informarte da dispoñibilidade dos nosos produtos. Nestes casos, a base sobre a que tratamos os teus datos é o teu propio consentimento.</p> <p>Consideramos que temos un interese lexítimo para realizar as comprobacións necesarias para detectar e previr posibles fraudes cando realizas unha compra. Entendemos que o tratamento destes datos resulta positivo para todas as partes que interveñen cando se produce o pago dunha compra e en particular para ti xa que nos permite poñer medidas para protexerte contra intentos de fraude realizados por terceiros.</p>

<p>3. Atención ao Cliente</p>	<p>Consideramos que temos un interese lexítimo para atender as solicitudes ou consultas que nos expoñas a través dos diversos medios de contacto existentes. Entendemos que o tratamento destes datos resulta tamén beneficioso para ti en tanto que nos permite poderte atender adecuadamente e resolver as consultas expostas.</p> <p>Cando contactes con nós, en particular, para a xestión de incidencias relacionadas co teu pedido ou o produto/ servizo adquirido a través da Plataforma, o tratamento é necesario para a execución do contrato de compravenda.</p> <p>Cando a túa consulta estea relacionada co exercicio dos dereitos sobre os que te informamos máis abaixo, ou con reclamacións relacionadas cos nosos produtos ou servizos, o que nos lexítima para tratar os teus datos é o cumprimento de obrigacións legais pola nosa banda.</p>
<p>4. Márketing</p>	<p>A base lexítima para tratar os teus datos con finalidades de márketing é o consentimento que nos prestas, por exemplo cando aceptas recibir información personalizada a través de diversos medios, cando autorizas o envío de notificacións <i>push</i> no teu dispositivo móbil, ou cando aceptas as bases legais para participar nunha acción promocional ou para publicar as túas fotografías na Plataforma ou nas nosas canles de redes sociais.</p> <p>Para mostrarche información personalizada, consideramos que temos un interese lexítimo para realizar un perfilado coa información que temos sobre ti (como a navegación que realizas, preferencias ou histórico de compras) e os datos persoais que nos facilitaches como rango de idade ou idioma, xa que entendemos que o tratamento destes datos tamén resulta beneficioso para ti porque che permite mellorar a túa experiencia como usuario e acceder a información de acordo coas túas preferencias.</p>
<p>5. Análise de usabilidade e de calidade</p>	<p>Consideramos que temos un interese lexítimo para analizar a usabilidade da Plataforma e o grao de satisfacción do usuario xa que entendemos que o tratamento destes datos tamén resulta beneficioso para ti porque a finalidade é mellorar a experiencia do usuario e ofrecer un servizo de maior calidade.</p>

4. DURANTE CANTO TEMPO CONSERVAREMOS OS TEUS DATOS?

O **prazo de conservación** dos teus datos dependerá das finalidades para as que os tratemos, segundo o explicado a continuación:

Finalidade	Prazo de conservación
1. Xestionar o teu rexistro como usuario da Plataforma	Trataremos os teus datos durante o tempo en que manteñas a condición de usuario rexistrado (é dicir, ata que decidas darte de baixa).
2. Desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou servizos	Trataremos os teus datos durante o tempo necesario para xestionar a compra dos produtos ou servizos que adquirises, incluíndo posibles devolucións, queixas ou reclamacións asociadas á compra do produto ou servizo en particular. Nalgunhas ocasións, unicamente trataremos os datos ata o momento en que ti decidas, como é o caso dos datos de pago (tarxeta) que nos solicitaches almacenar para posibles compras futuras
3. Atención ao Cliente	Trataremos os teus datos durante o tempo que sexa necesario para atender a túa solicitude ou petición.
4. Marketing	Trataremos os teus datos ata que te deas de baixa ou canceles a túa subscrición á newsletter. Se participas en accións promocionais conservaremos os teus datos por un prazo de 6 meses desde que finalice a acción.
5. Análise de usabilidade e de calidade	Trataremos os teus datos puntualmente durante o tempo no que procedamos a realizar unha acción ou enquisa de calidade concreta ou ata que volvamos anónimos os teus datos de navegación.

Independentemente de tratarmos os teus datos durante o tempo estritamente necesario para cumprir coa finalidade correspondente, conservaremos posteriormente debidamente gardados e protexidos durante o tempo en que puidesen xurdir responsabilidades derivadas do tratamento, en cumprimento coa normativa vixente en cada momento. Unha vez prescriban as posibles accións en cada caso, procederemos á supresión dos datos persoais.

5. COMPARTIREMOS OS TEUS DATOS CON TERCEIROS?

Para cumprir as finalidades indicadas na presente Política de Privacidade, é necesario que deamos acceso aos teus datos persoais a **entidades do Grupo Inditex** e a **terceiras partes** que nos presten apoio nos servizos que che ofrecemos, a saber:

- Entidades **financeiras**,

- entidades **de detección e prevención de fraude**,
- provedores de **servizos tecnolóxicos**,
- provedores e colaboradores de servizos de **loxística, transporte e entrega**,
- provedores de servizos relacionados con **atención ao cliente**.
- provedores e colaboradores de servizos relacionados con **márketing e publicidade**.

Para a eficiencia do servizo, algúns dos prestadores mencionados están situados en territorios fóra do Espazo Económico Europeo que non proporcionan un nivel de protección de datos equiparable ao da Unión Europea, é dicir, Estados Unidos. En tales casos, informámoste de que transferimos os teus datos con **garantías adecuadas e sempre mantendo a seguridade dos teus datos**:

- Algúns provedores están certificados en **Privacy Shield**, certificación que podes consultar no seguinte enlace:

<https://www.privacyshield.gov/welcome>

- Con outros provedores firmamos **Cláusulas Contractuais Tipo** aprobadas pola Comisión, cuxo contido podes consultar no seguinte enlace:

https://ec.europa.eu/info/law/law-topic/data-protection/data-transfers-outside-eu/model-contracts-transfer-personal-data-third-countries_en

Doutra banda, informámoste de que necesitaremos compartir os teus datos coa nosa matriz, **Industria de Diseño Textil, S.A. (Inditex, S.A.)**, empresa holding do Grupo Inditex, para o cumprimento de obrigacións propias da matriz.

6. CALES SON OS TEUS DEREITOS CANDO NOS FACILITAS OS TEUS DATOS?

Comprometémonos a respectar a confidencialidade dos teus datos persoais e a garantirche o **exercicio dos teus dereitos**. Podes exercitalos **sen custo ningún** escribíndonos un correo electrónico no noso **endereço de correo dataprotection@bershka.com**, simplemente indicándonos o motivo da túa solicitude e o dereito que queres exercitar. No caso de que o consideremos necesario para poderte identificar, poderemos solicitarche copia dun documento acreditativo da túa identidade.

En particular, independentemente da finalidade ou a base legal en virtude da que tratemos os teus datos, tes dereito a:

- Pedirnos **acceso** aos datos dos que dispoñemos de ti. Lembrámoste que en caso de ser usuario rexistrado na Plataforma tamén podes consultar esta información na sección correspondente aos teus datos persoais.
- Pedirnos que **rectifiquemos** os datos dos que xa dispoñemos. Lembra que se es usuario rexistrado na Plataforma tamén podes acceder á sección correspondente aos datos persoais da túa conta para modificalos ou actualizalos. De todos os xeitos, ten en conta que, ao facilitarnos activamente os teus datos persoais por calquera vía, garantés que son **certos e exactos** e comprométeste a notificarnos calquera cambio ou modificación dos mesmos. Calquera perda ou dano causado á Plataforma ou ao responsable da Plataforma ou a calquera terceiro por mor dunha comunicación de información errónea, inexacta ou incompleta nos formularios de rexistro, será responsabilidade exclusiva do usuario. Por

favor, lembra que por regra xeral só debes facilitarnos os teus propios datos persoais, non os de terceiros, agás no permitido nesta Política de Privacidade.

- Pedirnos que **Suprimamos** os teus datos na medida en que xa non sexan necesarios para a fin para a que necesitemos tratalos, segundo te informamos máis arriba, ou en que xa non contemos con lexitimación para facelo.
- Pedirnos que **limitemos o tratamento** dos teus datos, o que supón que en determinados casos poidas solicitarnos que suspendamos temporalmente o tratamento dos datos ou que os conservemos máis aló do tempo necesario, cando poidas necesitalo.

Se nos proporcionaches o teu **consentimento** para o tratamento dos teus datos para calquera finalidade, tamén **tes dereito a retiralo en calquera momento**. Algunhas das formas nas que podes retirar o teu consentimento están explicadas no apartado 2 no que explicamos para que finalidades tratamos os teus datos.

Cando a nosa lexitimación para o tratamento dos teus datos sexa o teu **consentimento** ou a **execución do contrato**, segundo o explicado no apartado 3, tamén terás dereito a solicitar a **portabilidade dos teus datos** persoais. Isto significa que terás dereito a recibir os datos persoais que nos teñas facilitado nun formato estruturado, de uso común e lexible por unha máquina, para poder transmitirlo a outra entidade directamente, sempre que tecnicamente sexa posible.

Por outra banda, cando o tratamento dos teus datos estea baseado no noso **interese lexítimo**, tamén terás dereito a **opoñerte** ao tratamento dos teus datos.

Por último, informámoste do teu dereito para **presentar unha reclamación** ante a **autoridade de control** en materia de protección de datos pertinente, en particular, ante:

- A Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php>)

7. QUE PASA SE NOS FACILITAS DATOS DE TERCEIROS?

Ofrecemos funcionalidades ou servizos que requiren que tratemos os datos persoais dun terceiro que ti nos facilites, como para o caso da activación e envío da Tarxeta Regalo ou a xestión da solicitude do Tícket Regalo. Se nos proporcionas Datos Persoais de terceiras persoas, garantés telos informados acerca das finalidades e a forma na que necesitamos tratar os seus datos persoais.

8. CAMBIOS Á POLÍTICA DE PRIVACIDADE

É posible que modifiquemos a información contida nesta Política de Privacidade cando o estimemos conveniente. En caso de que o fagamos, notificaremoscho por distintas vías a través da Plataforma (por exemplo, a través dun banner, un pop-up ou unha notificación *push*), ou mesmo cho comunicaremos ao teu enderezo de correo electrónico cando o cambio en cuestión sexa significativo para a túa privacidade, de maneira que poidas revisar os cambios, valoralos e, de ser o caso, opoñerte ou darte de baixa nalgún servizo ou funcionalidade. En calquera caso, suxerímoste que revises esta Política de Privacidade de cando en vez por se houberse cambios menores ou introducimos algunha mellora interactiva, aproveitando que sempre a atoparás como punto permanente de información na nosa Web e a nosa App.

9. INFORMACIÓN SOBRE COOKIES

Utilizamos cookies e dispositivos similares para facilitar a túa navegación na Plataforma, coñecer como interactúas con nós e, en determinados casos, poder mostrarche publicidade en función dos teus hábitos de navegación. Por favor, le a nosa Política de Cookies para coñecer con maior detalle as cookies e dispositivos similares que usamos, a súa finalidade e outra información de interese.